



2018

# IX OLIMPIADA GALEGA DE ECONOMÍA

## Bases



**Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo**  
Campus Universitario de Ourense  
Universidade de Vigo



**Contidos**

INTRODUCCIÓN: AS OLIMPÍADAS DE ECONOMÍA .....	3
BASES DA IX OLIMPÍADA GALEGA DE ECONOMÍA .....	6
Participación .....	6
Inscripción .....	6
Probas .....	6
Finalistas. ....	7
Premios .....	7
Comisión organizadora. ....	8
Comisión académica. ....	8

## INTRODUCCIÓN: AS OLIMPÍADAS DE ECONOMÍA

As olimpíadas científicas teñen unha gran tradición entre os alumnos de ensinanzas medias tanto en Europa como en España. En España, as primeiras olimpíadas que se realizaron foron as de Matemáticas, que comezaron no ano 1964, logo viñeron a de Física no ano 1990, e a de Química no ano 1995. As olimpíadas científicas están organizadas polas Asociacións Españolas de Matemáticas, Física e Química, e están recoñecidas como olimpíadas científicas polo Ministerio de Educación e Ciencia.

A Olimpíada de Economía nace seguindo a tradición do resto das olimpíadas científicas pero, a diferenza delas, está organizada polas facultades de ciencias económicas e empresariais das universidades públicas españolas, e nestes momentos pódese dicir que xa está consolidada en todo o territorio español.

É un concurso de carácter académico e educativo, con múltiples obxectivos entre os que estarían incentivar e estimular o estudo da Economía entre os alumnos interesados nesta materia -que serán os futuros estudantes nas facultades- premiar o esforzo e a excelencia académica, divulgar os estudos de Economía, tender pontes entre as facultades e os centros de educación secundaria e establecer vínculos cos profesores de Economía do bacharelato. A Universidade non pode abstraerse dos problemas formativos dos estudantes que van ocupar as súas aulas no futuro, e por iso é importante fomentar os contactos e as relacións estables orientadas a facilitar o intercambio de coñecementos e experiencias. Nese senso, a Olimpíada de Economía ten que xogar o papel de punto de encontro entre ambos niveis educativos.

A primeira Olimpíada de Economía que se fixo en España tivo lugar en Valencia durante o curso académico 2002-2003 por iniciativa da Facultade de Economía da Universidade de Valencia e do *Servei de Formació Permanent*. Tiña carácter provincial, posto que só participaban centros de secundaria da provincia. Inscribíronse cento vinte alumnos de máis de cincuenta centros. Seleccionáronse dez finalistas e os tres primeiros clasificados obtiveron a matrícula gratuita para estudar na Facultade de Economía desa Universidade.

No curso 2003-2004 ampliouse a súa implantación a outras universidades da Comunidade Valenciana, sumándose a este evento a *Universitat Jaume I* de Castellón e a Universidade de Alicante, converténdose nunha olimpíada de carácter autonómico con cifras de participación de máis de trescentos estudantes de segundo curso de bacharelato.

A partir do curso 2004-2005 superouse o ámbito da Comunidade Valenciana, sumándose a este evento outras Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais de

España, saíndo do ámbito rexional. Así, no curso 2004-2005 celebrouse a primeira edición da olimpíada na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universitat de les Illes Balears; no curso 2006-2007 na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Oviedo e posteriormente nas Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Málaga, da Universidade de Las Palmas de Gran Canaria ou na Universidade de La Laguna.

No curso 2008-2009, únense a esta iniciativa as Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e Administración e Dirección de Empresas da Universidade do País Vasco, da Universidade Autónoma de Madrid, da Universidade de Zaragoza, e as tres universidades galegas. Deste xeito, eran xa quince as Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais de todo o territorio español que estaban implicadas no proxecto, comezando nese ano a historia das olimpíadas galegas de Economía.

Adicionalmente, e como colofón as diferentes fases locais, no curso académico 2008-2009 celébrase a I Olimpíada Española de Economía, que contaba cunha única proba de ámbito nacional e na que participarán os tres alumnos finalistas en cada fase local ou autonómica, tendo como obxectivo lograr a continuidade da mesma durante os anos sucesivos.

Deste xeito, en cada curso académico, a realización da proba da fase nacional ten lugar na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais que resulta elixida pola Comisión Nacional da Olimpíada de entre tódalas candidaturas presentadas.

No curso 2016-2017, seleccionouse como sede da IX Olimpíada Española a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Córdoba. As probas tiveron lugar antes do 31 de xuño de 2017, coa participación de maior parte das facultades españolas.

Especialmente relevante foi a creación da Asociación da Olimpíada Española de Economía no ano 2013 xa que permitiu darlle un pulo importante, a nivel estatal, coa ratificación dun convenio de colaboración co Ministerio que garante a viabilidade e a difusión do proxecto.

Polo que respecta a Galicia, a I Olimpíada Galega de Economía tivo lugar en Santiago de Compostela no curso 2008/09. A iniciativa arrancou moi modestamente, cunha definición de mínimos en termos económicos, e circunscrita ao ámbito galego. Os resultados foron moi esperanzadores, rexistrándose unha participación notable e acadando un quinto posto absoluto na fase española.

A partires dese comezo, conseguíuse darlle continuidade ao longo de todos estes anos coas edicións do 2009/10 en Vigo, 2010/11 na Coruña, 2012/13 en Ourense, 2013/14

en Lugo, 2014/15 Santiago e Compostela, 2015/16, en Vigo e 2016/17 na Coruña. El 7 de abril, sábado, deste ano 2018, a Olimpíada Galega de Economía celebrárase en na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense. A **X Olimpíada Española de Economía** celebrárase os días **25, 26 e 27 de xuño de 2018**, na cidade de Santiago de Compostela. Esta próxima edición da Olimpíada será un evento algo especial, ó coincidir dous aniversarios na súa celebración: o 10º aniversario da andadura da Olimpíada Española de Economía, e os 50 anos do inicio dos estudos de Economía en Galicia, precisamente na facultade anfitroia da Olimpíada: a **Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela**.

Para ampliar a información sobre a olimpíada e as diferentes fases, poden consultarse o seguintes enlaces:

<https://sites.google.com/site/asociacionolimpiadaeconomia/>

[www.olimpiadagalega.es](http://www.olimpiadagalega.es)

[www.fcetou.uvigo.es](http://www.fcetou.uvigo.es)

## BASES DA IX OLIMPÍADA GALEGA DE ECONOMÍA

### Participación

Poderán participar na *IX Olimpíada Galega de Economía* todos os alumnos dos centros de ensinanza secundaria da Comunidade Autónoma de Galicia que estean matriculados durante o curso 2017-18 na materia *Economía da Empresa* de segundo curso de Bacharelato. A participación na proba é individual e realizarase, previa inscrición, na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense.

### Inscrición

A inscrición realizarase mediante o formulario aloxado nas webs:

[www.olimpiadagalega.es](http://www.olimpiadagalega.es)

[www.fcetou.uvigo.es](http://www.fcetou.uvigo.es)

Tamén se poderá inscribir nas olimpíadas cumprimentando o formulario oficial que se pode descargar en [www.olimpiadagalega.es](http://www.olimpiadagalega.es), e que pode remitirse de tres maneiras distintas (**antes do xoves, 22 de marzo de 2018**):

1. **Por e-mail**, desde un correo electrónico oficial (tipo xxx@edu.xunta.es) –pode ser o do docente ou o do centro educativo-, ao e-mail da secretaría do decanato. [secretario.eto@uvigo.es](mailto:secretario.eto@uvigo.es)
2. **Por fax**. Unha vez cumprimentado, pode enviarse ao FAX nº **988 36 89 23**, da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense, indicando no asunto “Olimpíadas de Economía”
3. **Por correo postal** ao Decanato da Facultade, indicando no exterior do sobre “Olimpíadas de Economía”. Dirección postal: Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. Campus Universitario Sur, As Lagoas s/n, 32004 Ourense. Teléfonos da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo: 988 368 700/ 988 368 800 (decanato). Email da secretaría do decanato: [secretario.eto@uvigo.es](mailto:secretario.eto@uvigo.es). Web da facultade: [www.fcetou.uvigo.es](http://www.fcetou.uvigo.es)

Para participar, será obrigatorio cumprimentar e enviar o dito formulario antes das 14:00 horas do xoves, 22 de marzo de 2018.

### Probas

O exame será anónimo e consistirá nunha proba que terá unha duración máxima de dúas horas e media. As preguntas versarán sobre o coñecemento e aplicación dos

conceptos propios da materias “*Economía da Empresa*” e “*Economía*” de segundo e primeiro curso do bacharelato respectivamente, e que se fixan como contidos para o exame de selectividade.

A data prevista para a realización das probas é o día 7 de abril de 2018, aínda que se confirmarán data e hora, oportunamente, na web do centro (<http://www.fcetou.uvigo.es>).

As probas terán lugar na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense (Universidade de Vigo) (Campus Universitario Sur, 32004 Ourense).

A Comisión Organizadora constituirá unha Comisión Académica que estará presidida pola decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense, da Universidade de Vigo, ou pola persoa en quen delegue. Esta comisión será a encargada de organizar as probas, cualificar os exercicios e clasificar ordenadamente aos participantes segundo a puntuación obtida.

#### **Finalistas.**

A relación dos estudantes premiados farase pública polos medios que se consideren oportunos no seu momento. Estes medios poderán ser:

- taboleiro oficial do Decanato,
- a páxina web [www.fcetou.uvigo.es](http://www.fcetou.uvigo.es) da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense da Universidade da Vigo e/ou
- a páxina web da Olimpíada: [www.olimpiadagalega.es](http://www.olimpiadagalega.es), aloxada na web de AGAEDES (Asociación de Ensinantes de Economía en Secundaria).

#### **Premios.**

Procurarase, na medida en que os recursos o permitan, axustarse á estrutura de premios que se outorgan noutras fases locais e autonómicas do resto do Estado. En particular, está previsto conceder aos finalistas os seguintes premios, dependendo sempre do financiamento conseguido:

1. Reembolso dos prezos públicos de matrícula na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo ao alumno/a que resulte gañador/a da IX Olimpíada Galega de Economía.
2. Un ordenador portátil a cada un dos tres mellores estudantes da fase galega.
3. Cobertura do desprazamento para participar na X Olimpíada Española de Economía que terá lugar en Santiago de Compostela para os tres mellores estudantes da fase galega.



**Comisión organizadora.**

A Comisión Organizadora da proba estará constituída do seguinte xeito:

1. Os/as decanos/as das Facultades de Economía e Empresa das universidades galegas
2. O presidente da Asociación Galega de Profesores de Economía en Secundaria (AGAEDES)

**Comisión académica.**

A súa vez, a Comisión Académica encargada de organizar e cualificar as probas estará formada por:

1. Decano/a da Facultade organizadora en cada caso. No curso 2017-18 correspóndelle á decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense da Universidade de Vigo ou á persoa en quen delegue.
2. Un profesor de cada unha das áreas de coñecemento integrados nos departamentos con sede na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense da Universidade de Vigo.
3. Un representantes de AGAEDES.

**Contacto.**

Para calquera dúbida ou suxestión, poden poñerse en contacto co decanato da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense da Universidade de Vigo por algúns destes medios:

Correo: [secretario.eto@uvigo.es](mailto:secretario.eto@uvigo.es)/Telf.: 988 368 800/ Web: <http://www.fcetou.uvigo.es>